

O Festival de Cans entre os catro mellores eventos culturais de Galicia do 2020

Páxina IV

Mos decidirá o vencedor de La Vuelta 21 coa meta da penúltima etapa

Páxina V

Salceda estrea o seu centro terapéutico

Páxina VII

Tui solicitou a Turismo de Galicia apoio ao proxecto do Cárcere Vello

Páxina IX

O Plan de Compostaxe da Guarda permitirá a creación dun Punto Verde

Páxina X

Entrevista a Carlos Méixome, historiador

“Posiblemente este libro permita abrir a porta a novos traballos máis amplos e globais sobre os tres concellos”

Páxina XV



O Programa Integrado de Emprego de Salceda remata cun 58% de inserción

Páxina VIII





Arbo

Pontearreas

OPINIÓN

Por Fito Álvarez. www.porunsaharalibre.org

Incremento da represión marroquí no Sahara Occidental ocupado

O pasado 13 de novembro o exército marroquí atacaba a un grupo de civís saharauís que se manifestaban pacificamente ante a brecha ilegal en El Guerguerat, ao sur do Sahara Occidental preto da fronteira con Mauritania.

O paso de El Guerguerat, situado nunha zona de amortiguamiento segundo a ONU, foi aberto de forma ilegal por Marrocos para dar saída cara ao resto do continente africano aos produtos expoliados no Sahara Occidental ocupado todo isto ante a reiterada inacción permisiva da MINURSO (Misión das Nacións Unidas para a realización do referendo no Sahara Occidental).

É tal a pasividade e permisividade por parte da MINURSO coas innumerables violacións do ocupante marroquí contra a poboación saharauí nas zonas ocupadas

do Sahara Occidental, que momentos antes do ataque marroquí aos civís saharauís que se atopaban en El Guerguerat, os cascos azuis pertencentes á misión da ONU abandonan a zona sen explicación



nin motivo aparente.

Ante este ataque contra a poboación civil saharauí por parte das forzas de ocupación marroquí, o que supón a enésima ruptura do acordo de cesamento do fogo asinado polas partes en 1991, e debido á inacción por parte dos membros da ONU desprazados no terreo, a Fronte Polisario vese obrigado a retomar as hostilidades contra o ocupante marroquí.

A pesar de levar xa tres meses de ataques por parte do Exército Saharauí a posicións marroquís ao longo do “muro defensivo” construído por Marrocos e que divide ao Sahara Occidental para tentar frear as incursións dos saharauís, a pesar dos danos tanto materiais como humanos produto dos ataques do Exército Saharauí, Marrocos pretende negar a existencia desta volta ás armas e a comunidade internacional volve mirar cara a outro lado.

A resposta por parte das au-

toridades de ocupación marroquís aos ataques por parte do exército saharauí foi un brutal incremento da

represión contra a poboación civil saharauí nas zonas ocupadas do Sahara Occidental. Arrestos domiciliarios, malleiras, acoso e secuestros de activistas de dereitos humanos saharauís, toma de represalias contra os presos políticos saharauís encarcerados en prisións marroquís, ...

Non podemos esquecer que o Sahara Occidental é a última colonia en África que figura na lista dos 17 Territorios Non Autónomos da ONU pendentes de descolonización e cuxa potencia administradora segue sendo España.

O Estado Español está obrigado a comprometerse para acabar co sufrimento do pobo saharauí activando todos os mecanismos necesarios para que se faga xustiza e poida vivir dunha vez por toda libre e dignamente.



Xosé González Martínez. *Presidente do Foro E. Peinador.

Bandos municipais

Os bandos son comunicacións que a lexislación atribúe en exclusiva aos alcaldes. Noutros tempos adoitábanse divulgar nas tabernas e paus da luz das parroquias, nos que aínda hoxe as empesas mortuorias fixan as necrolóxicas para anunciaren os actos de sepelio dos veciños falecidos. Eses bandos non tiñan ningún valor literario; a súa era unha prosa desleixada e paupérrima escrita en castelán polos secretarios municipais. Non tiña ningún atractivo, por iso as máis das veces a xente, por non prestarlles a debida atención, incumprían os chamamentos institucionais.

Recén incorporado ao concello de Redondela como responsable dos departamentos de cultura e normalización lingüística lembro que os veterinarios, despois da constitución das primeiras corporacións democráticas, estaban preocupados polo incumprimento das ordenanzas municipais; ninguén lles levaba a lingua do cocho para ser analizada, poñendo en risco a saúde dos consumidores por mor das escasas medidas hixiénico-sanitarias nas matanzas domiciliarias.

Ocorrêuseme propoñerlle ao alcalde a redacción dun bando en verso, seguindo o modelo das tradicionais coplas de cegos. Teatralizárono nunha concorridísima feira con coidada escenificación dous coñecidos actores. Antonio Durán “Morris”, que facía de cego cantabaas, ao tempo que cun

punteiro ía sinalando nun cartel as viñetas alusivas. A falta de zanfona, o violín de Manolo Pombal púñalle o característico acompañamento musical, mentres un meniño, o seu fillo, representando o papel de lazarillo, distribuía a edición impresa en formato de tiras con distintas cores. A xente arremuiñabase arredor deles sorprendidos pola chamativa escenificación,



quitándolle das mans ao meniño as coplas.

Agunhas das vinteunha cuartetas dicían: CONSIDERANDO que aos porcos/lles chega xa o San Martiño/e as disposicións vixentes/en materia de touciño; CONSIDERANDO que o porco/sabe ben, fresco ou salgado/máis que ten os seus perigos/se non se anda con coidado; DE ORDE DO SEÑOR ALCALDE/A TODOS FAISE SABER/coa intención de que os veciños/fagan o que

hai que facer: Débense seguir as normas/ditadas por Sanidade/para non comer os porcos/que teñen enfermidade....Por eso tres días antes/conforme coas ordenanzas/pedirase no Concello/permiso para a matanza/. Collerase a lingua enteira/e pouco de gorxa do aire/(todo esto será devolto unha vez se analisare)/ Este (referíase ao veterinario) cos seus microscopios / e aveños do seu oficio/miráralo con gran coidado/se ten vicio ou non ten vicio”.

Os veterinarios quedaron contentísimos co Bando pola eficacia acadada. Os medios de comunicación, escritos e audiovisuais, amplificaron o eco da orixinal iniciativa. Teño a grata lembranza das cartas recibidas de emigrantes en países europeos e americanos solicitándonos exemplares das coplas e do cartel. Supoño que aínda estarán gardadas en moitas casas.

A experiencia repetímola noutra ocasión para alertar aos que acudían ás feiras da presenza dos moínantes que substraían as carteiras dos bolsos das mulleres que logo guindaban nos xardíns da alameda despois de risparenlles os cartos. Isto acontecía en todas as feiras. Raro era na que non aparecesen tiradas dez ou doce co consabido trastorno que iso lles producía ás vítimas, porque nelas adoitaban levar amais do DNI algún outro documento. Para intentar poñer remedio a este despiadado latrocinio solicitamos a colabo-

ración dos actores Tatán R.Cunha e Andres Xiráldez, cantando coplas atribuídas ao “Cego de Soutopenedo”; algunhas dicían así:

“Voulles contar un suceso/ocorrido nesta feira/para que aprendan cantos oían/e leven conta da carteira/... Metéronlle a man no bolso/e sen que ela se enterase/á coitada da vella/ deixárona co posto./ Teñan coidado señores/ e señoras da carteira/que onde hai moitos cartos/están os moínantes na feira/ Se non te apalpan na casa/que non te apalpen na feira,/non o fan por darche gusto/senón por limpiarche a carteira.”

Naquela feira a xente botou man da carteira poñéndollelo difícil aos moínantes, que non foron quen de rispar unha.

Estas dúas experiencias de comunicación institucional amosáronse útiles, en primeiro lugar, para levar a mensaxe aos seus destinatarios con maior eficacia, e, pola outra, para dignificar a lingua galega en sectores sociais nos que os prexuízos lingüísticos están máis arraigados, prestixiando o idioma ao ir aparelado coa utilidade para os usuarios deses espazos sociais.

É certo que os grandes concellos galegos teñen mellorado a súa imaxe institucional con acertadas campañas publicitaria. Pero é evidente que a maioría dos concellos galegos aínda non lle teñen prestada a debida atención á calidade e formas de comunicación.



O PORRIÑO

Presentada no concello, a edición de "A cámara escura", o traballo gañador do III Premio Roberto Vidal Bolaño

A primeira edición da obra "A cámara escura", de José Luis Baños, gañadora da III edición do Premio Roberto Vidal Bolaño de textos teatrais, realizada pola Editorial Galaxia, presentouse no Concello.

A concelleira de Educación, Lourdes Moure, actuou como anfitroia xunto co autor, José Luis Baños, e acompañada por Francisco Castro, director xeral da editorial e Raquel Castro, secretaria do xurado do certame.

O premio está instituído pola Editorial Galaxia e o Instituto Ribeira do Louro do Porriño, e o Concello do Porriño é o patrocinador cunha achega anual de 2.000 euros.

José Luis Baños, o autor gañadoado en 2020, reivindicou "a importancia deste premio por promover a escrita teatral para adolescentes, que vén cubrir un oco que existe entre o teatro familiar e que xa se centra nos adultos".

A profesora Raquel Castro, secretaria do xurado, valorou que o



texto de José Luis Baños "presente un rexistro de linguaxe urbana próximo á mocidade". Engadiu que "esperamos que poida representarse en escea, unha vez que saíamos das restricións actuais".

Francisco Castro, director xeral da "Editorial Galaxia", agradeceu o compromiso de gobernos municipais como o Concello do Porriño no apoio á cultura. "Necesitamos políticos que, como sucede aquí no Porriño, con vostede Lourdes, sexan cómplices da cultura". Francisco Castro lamentou que "mentres os estancos están abertos desde

o primeiro día do estado de alarma, como servizo esencial, as librerías teñen que pechar", segundo reclamou o director da editorial.

Por último, Lourdes Moure, afirmou que "mentres eu estea a cargo destas responsabilidades públicas como concelleira de Educación, o Concello do Porriño manterá o seu apoio a este premio". "Dende o primeiro momento tiven claro que o noso deber como administración pública era estar ao lado dunha iniciativa tan lúcida e á vez tan centrada na nosa mocidade", concluíu Moure Varela.

O Porriño aproba Ordenanza Reguladora do Uso das Terrazas

O pleno da Corporación Municipal do Porriño aprobou a Ordenanza Reguladora do Uso das Terrazas, cos votos a favor do PSOE, BNG e EU SON, e contando cun prazo de regularización de tres meses.

A Ordenanza regula a ocupación de espazos públicos e determina características do mobiliario, horarios de funcionamento e recollida, condicións de limpeza e recollida e un réxime de sancións por infraccións por ruídos ou por outros motivos.

Cesión temporal da aula restaurante-bar do multiusos para unha formación de "Aceesca"



O Concello de Porriño e "Aceesca" asinaron a cesión de uso temporal da aula de restauración existente no Multiusos Municipal de Torneiros para unha formación práctica de alumnos do centro de educación especial.

A cesión realizarase do 23 de febreiro ao 14 de maio, en horario de mañá (de 10:00 a 14:00). A formación será para un curso de "auxiliar de operacións básicas de restaurante-

bar" para persoas con discapacidade intelectual. O documento establece que se deben respectar os protocolos de seguridade sanitarios necesarios na prevención do Covid.

David Alonso, concelleiro de Servizos Sociais asinou con Esteban Babelo, presidente da Asociación para o Apoio ás Persoas con Diversidade Intelectual, a cesión de uso en presenza de Angeles Leirós, xerente de "Aceesca".

O Porriño renovou o protocolo "Vioxén" contra a violencia de xénero

Pedro Pereira, como alcalde accidental do Porriño, asinou co coronel Simón Venza, xefe da Comandancia da Garda Civil en Pontevedra, e en presenza de Maica Larriba, subdelegada do Goberno, a renovación da adhesión do Concello do

Porriño a o protocolo "Vioxén".

Trátase do programa de vixilancia e protección integral para as mulleres vítimas de violencia de xénero. O protocolo establece a colaboración entre a Policía Local do Porriño e as outras forzas e corpos de seguridade do Estado.

Antes da sinatura da renovación do protocolo, a subdelegada do Goberno informou de que os casos activos de vítimas de violencia de xénero baixo este sistema de vixilancia son 69 no partido xudicial do Porriño: 34 correspondentes a Mos, 24 a Porriño e 11 a Salceda.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

LOURINHA

O PORRIÑO

O Concello subvenciona ao Porriño Industrial con 60.000 €

María Gracia Paniccia, presidenta do Porriño Industrial, acompañada de Mario López, coordinador de fútbol base, asinou hoxe co concelleiro de Deportes, David Alonso, o acordo de axuda municipal para este club consistente nunha subvención de 60.000 euros.

O Porriño Industrial conta con 15 equipos, dos cales 5 son femininos, e un total de 261 licenzas.

O importe da achega municipal ao Porriño Industrial destinarase ao mantemento dos equipos base así como a sufragar parte dos gastos do equi-



po da Liga Nacional Xuvenil, mentres que o equipo da Rexional Preferente segue agardando a que se adopte unha decisión coa competición, condicionada polas restricións anti-

Covid.

Neste ano 2021, o Concello do Porriño adica un total de 476.000 euros en subvencións aos principais clubs do municipio.

O Concello prepara unha bolsa de axudas directas aos sectores económicos locais por un total de 140.000 €

As comisións informativas municipais de Urbanismo, Igualdade e Economía prepararán a orde do día do próximo pleno da corporación local que abordará como asunto máis relevante a creación do fondo de axudas económicas directas para hostaleiros, comercio e autónomos afectados pola crise deri-

vada da pandemia.

O importe total que se propoñerá será de 140.000 €, dos cales unha parte, 57.000 € corresponde á achega da Deputación, con cargo ao 1% do orzamento da institución provincial, e o resto págao o Concello.

A aprobación deste asunto levase ao pleno municipal a ce-

lebrarse o vindeiro día 24. Esa sesión estará presidida por Pedro Pereira como alcalde accidental.

Por decreto Eva García cede temporalmente a alcaldía a Pereira Fernández, como consecuencia dunha baixa debido a unha intervención cirúrxica á que será sometida este xoves e a posterior convalecencia.

O Festival de Cans entre os catro mellores eventos culturais de Galicia do 2020



O Festival de Cans ven de ser seleccionado como un dos eventos culturais mellor valorados de Galicia en 2020, según o informe anual da Fundación Contemporánea. Esta fundación, que ten a súa sede en Madrid, realiza este informe anual do que denomina "principais insignias culturais", recollendo as opinións dun milleiro de expertos de prestixio no eido cultural en toda España, entre os que están representantes de fundacións, directores de grandes museos, produtores, promotores, xestores culturais e representantes de diferentes administracións.

Estes expertos responden a un cuestionario, de onde sae esta valoración final, que a nivel español seleccionou nos primeiros postos do ranking a grandes institucións como o Museo do Prado, o Museo Reina Sofía, o Teatro Real ou o Festival de cine de San Sebastián.

En Galicia, o Festival de Cans ocupa o cuarto lugar en prestixio e valoración, só por detrás de grandes institucións como a Cidade da Cultura, a feira de industrias culturais Culturgal e o Centro de Arte Contemporánea de Santiago de Compostela, CGAC. Neste cuarto lugar, ademais de Cans, empatan a puntos o Teatro Rosalía de Castro e o Festival S8 de Cinema Periférico de A Coruña, xunto co Festival Curtocircuito, de Santiago de Compostela.

O Festival de Cans abre a súa convocatoria 2021

O Festival de Cans abriu o xoves 11 de febreiro a convocatoria de envío de obras a concurso

para a súa XVIII edición que, como se anunciou hai uns días, volverá ter lugar nesta coñecida aldea de O Porriño do 1 ao 4 de setembro.

O prazo para o envío de obras estará aberto ata o 16 de maio, nas categorías de curtametraxes de ficción, animación ou non ficción, así como videoclips, tendo como condición que todas as obras deben ser de produción galega e realizadas entre os anos 2020 e 2021.

Este ano, o festival abrirá desde o inicio a participación para a sección a concurso do Premio Deleite "Novas Camadas", que o pasado ano se realizou mediante invitación, e se puxo en marcha só unhas semanas antes do festival. Ante a gran acollida que tivo a sección, tanto por parte do público como das creadoras e creadores, este ano será potenciada e destinada exclusivamente a promover directoras e directores menores de 25 anos.

O festival tamén recibirá longametraxes e calquera tipo de obra susceptible de poder ser programada ou presentada nas seccións paralelas do festival, dando prioridade en todas as categorías ás obras que aínda non fosen estreadas. Todas as obras poderán ser inscritas gratuitamente a través da propia web do festival, www.festivaldecans.gal.

O Festival de Cans volverá aumentar a dotación económica dos seus premios nesta edición, que rondarán os 10.000 euros e que se repartirán entre as catorce categorías a concurso, ademais do característico Can de Pedra.

A alcaldesa do Porriño pide unha reunión co concelleiro de economía

Eva García de la Torre solicitou unha reunión con Francisco Conde, vicepresidente segundo e concelleiro de Economía da Xunta de Galicia para tratar o desenvolvemento do planeamento urbano e do tecido industrial no concello do Porriño.

A alcaldesa pretende abordar co responsable autonómico cues-

tións comúns ás dúas administracións relacionadas co presente e futuro do Porriño.

A solicitude de entrevista con Conde, que foi enviada esta mañá a ese departamento autonómico, súmase á que o pasado decembro Eva García fixo ao propio Alberto Núñez Feijóo e que aínda non recibiu resposta do gabinete do presidente do Xunta.



MOS

0 vencedor de La Vuelta 21 decidirase en Mos

A alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, confirmou que Mos voltará a ser protagonista de La Vuelta Ciclista a España. Nesta ocasión como chegada de etapa e non como saída como ocorreu o pasado novembro.

A última batalla corpo a corpo de La Vuelta 21 rematará en Mos, sendo a chegada mosense a penúltima etapa da competición, pero a última etapa competitiva en liña, polo que o vencedor decidirase en Mos case con total seguridade.

No pasado ano 2020 a Etapa



15 de La Vuelta Ciclista a España saíu desde o Pazo de Mos o 5 de novembro. Sendo Mos a única

localidade da provincia de Pontevedra na que houbo unha etapa de saída de La Vuelta no 2020.

Telefónica amplía a banda ancha de internet a 13 barrios de 6 parroquias

A alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, e o concelleiro mosense de Novas Tecnoloxías, Leo Costas, xunto con persoal municipal do Concello de Mos, reuníronse por videoconferencia coa coordinadora de despregue FTTH para Galicia e Asturias de Telefónica, Patricia Rodiño para abordar os PEBANG ('Planes Estatales de

Banda Ancha de Nueva Generación') que Telefónica ten en marcha en Mos.

Neste sentido, Telefónica comprometeuse co Concello de Mos á instalación dos PENANG en Louriño en Torroso, na parroquia de Cela nos barrios de Arufe, Coto e As Pereiras; en Louredo en Inxertado, Pantaño e Candosa; en Mos nas Regadas,

A Rúa e Cabaleiros; en Petelos, en Estivada e Rexenxo; e no Piñeiro na parroquia de Sanguñeda.

A maiores, o PEBANG 2020-2022 xa saíu a concurso e o concurso público foi tamén ganado por Telefónica para acometer a rede de internet de banda longa en Pombal, parroquia de Louredo.

Mos esixe explicacións sobre a contratación da xestora do Consorcio Augas de Louro

A alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, remitiu unha carta a súa similar do Concello do Porriño, Eva García, tamén presidenta do Consorcio Augas do Louro, solicitando que se convoque un Comité Executivo con carácter de urxencia para informar aos municipios membros das irregularidades detectadas polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia na contratación da

nova empresa adxudicataria dos servizos de conservación, mantemento e explotación, entre outros, das instalacións do Consorcio.

Esta licitación tivo un importe de 12.666.352,07 euros durante 3 anos, máis 2 de prórroga. No primeiro Comité Executivo do Consorcio que se levou a cabo trala contratación, os Concellos de Mos e Tui así como Augas de Galicia decidiron non votar ata que se aclarasen certas dúbidas

sobre a contratación.

O Tribunal estableceu no seu dictame que no procedemento de contratación da xestora de Augas do Louro "incumpríronse os preceptos de transparencia e igualdade entre os licitadores", polo que "se estima o recurso en canto á anulación da adxudicación de forma que se retrotraía o procedemento para que tras a exclusión de tal licitador se culmine tal procedemento da forma que proceda en dereito".

Mos presenta os investimentos en educación para 2021

A alcaldesa, Nidia Arévalo, reuniuse por videoconferencia co conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez González, para abordar positivamente os proxectos que en materia educativa levará a cabo co Concello mosense, con apoio da Xunta.

As propostas recollen importantes melloras en 3 dos 5 Colexios

Públicos de Educación Infantil e Primaria de Mos: Petelos, Atín-Cela, e Mestre Martínez Alonso (Castro-Mos). Os outros dous, Pena de Francia e Sanguñeda, son os centros que veñen de ser beneficiarios de reformas nos últimos anos; no caso de Pena de Francia cunha mellora integral e Sanguñeda cunha ampliación do comedor, entre outras obras.

0 proxecto de parque para cans estará en Sanguñeda



A alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, e o concelleiro de Medio Ambiente Sostible mosense, Leo Costas, informaron de que o Concello xa ten determinada a localización para o parque para cans pioneiro en Galicia, que se construíra con financiación autonómica.

A área de lecer canina integrarase no xa existente parque de Sanguñeda, zona recreativa de gran extensión. Consistirá nun proxecto piloto innovador, cun área de esparcemento canino duns 1.500 metros cadrados de superficie e cun orzamento aproximado duns 50.000 euros.

0 multiusos das Pozas acolle a iniciativa ViolenciaZero dentro do programa Mulleres en Acción

Coincidindo co Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, a artista Paula Sanmartín trouxo ao auditorio do Multiusos das Pozas a súa acción Pulso dentro do programa provincial, Violencia Zero, para ofrecerla ao alumnado do IES de Mos que a visualizará mañá; e con ela fomentar o debate entre os mozos e mozas mosenses.

A acción artística retransmitíuse en directo en streaming como medida de prevención ante a COVID-19, estando presentes a alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, a concelleira de Política Social e

Igualdade mosense, Sara Cebreiro, a deputada de Igualdade da Deputación de Pontevedra, Victoria Alonso, a comisaria do proxecto, Paula Cabaleiro, a avogada do CIM, -Centro de Información á Muller-, do Concello de Mos, Ana María Rodríguez Cabaleiro, e a propia artista.

Mos súmase así a Mulleres en Acción #ViolenciaZero, como xa fixo en anteriores edicións deste programa provincial, co que aumenta o número de iniciativas locais para o fomento da igualdade e a erradicación da violencia de xénero.

LOURINHA

Entrevista realizada por Roberto Mansilla Blanco

Cristina Maró, produtora do documental "Doc Way" sobre o Camiño de Santiago

"No documental Doc Way enriquecémonos de tódalas testemuñas de peregrinos e persoas que viven do Camiño"

Cristina Maró, artista e produtora, preséntanos no seu documental "Doc Way" o patrimonio cultural, natural e social da Ruta Xacobeo e do Camiño Portugués de Santiago. "Doc Way" fue seleccionado para o programa da Xunta de

Galicia "O Teu Xacobeo", orientado a dinamizar social e culturalmente o Camiño e a promoción do Xacobeo 2021. Maró contou para A Peneira-Novas do Eixo Atlántico as súas vivencias durante o traxecto e o documental, e os seus próximos proxectos.

1. Que pode contarnos sobre a realización do Documental Doc Way sobre o Camiño Portugués de Santiago?

Foi unha experiencia marabillosa. Disfrutamos de lugares fermosísimos que os temos ao lado da casa e que descoñecíamos e aprendimos moito da nosa cultura e do noso patrimonio. E ao final e có que un se queda porque foi un proxecto que custou moito levalo a cabo. Xuntáronse problemas de saúde persoais coa pandemia e a suma deses factores deron como resultado que se retrasase a finalización do documental.

Xusto cando tiñamos que empezar a rodaxe en Xuño de 2019 empecei con problemas nun xeonllo que rematou nunha operación de menisco. Teño que recoñecer que fixen o Camiño con moita dor. Comezamos a rodaxe a finais de febreiro cando a palabra coronavirus xa non soaba como algo que só estaba en China. Atopábamonos con moi poucos peregrinos. Chegamos a Santiago o 13 de marzo ao mediodía. Ao chegar a Catedral atopámola pechada porque acabábase de decretar o estado de emerxencia sanitaria en Galicia e aos dous días, o 15 de marzo, decretaban o estado de alarma e nos confinaron a todos durante 3 meses e 6 días.

Pra min foi un tempo moi valioso, non o podo negar, porque ese prazo adiqueino a editar a serie e tomar conciencia de todo aquilo que se podía mellorar polo que en xuño remontamos a rodaxe. Estou segura que a realización deste proxecto non a esqueceré-

mos na vida.

2. Que vivencias e testemuñas pode transmitirnos cando realizou este percorrido de 120 quilómetros de Tui ata Santiago?

A nosa peregrinación a Santiago foi un pouco diferente a facer o Camiño de forma lineal ou continúa. Voltábamos tódalas noites a durmir a casa. Facíamos tramos en coche e outros repetíamolos 10 ou 12 veces. Sempre digo que o noso Camiño foron máis de 120 Km. Tivemos moi boas experiencias, coñecemos a peregrinos de moitas partes do mundo e tivemos una resposta deles inmejorable. Dous dos capítulos de Doc Way son as testemuñas de peregrinos e persoas que viven do Camiño. Así que enriquecémonos de todas as súas historias e aprendimos moito deles.

3. Como está sendo a receptividade social e institucional a este documental?

A verdade que ata agora as sensacións foron positivas tanto a nivel institucional como a nivel social. Estamos pendentes de facer a presentación en diferentes concellos pero, por mor da pandemia, tivemos que pospoñelas. Agardamos que podamos facelo antes do verán. Pero afortunadamente temos plataformas online onde expoñela e deste xeito chegue a xente de todas as partes do mundo.

4. Como foi o apoio do programa "O Teu Xacobeo" para a realización deste documental?

Foi un proxecto que se presentou as axudas de "O Teu Xacobeo" da Xunta de Galicia para promocional o Camiño de Santiago e foi elixido entre máis de cen

candidatos. Grazas a este tipo de programas, a Xunta de Galicia axuda a financiar unha parte do proxecto e o resto tivemos que buscalo a través de patrocinios e fondos propios.

5. Este Camiño ten un importante patrimonio material, natural e social, tanto na súa vertente pola costa como polo interior. Que destacaríase esencialmente dese patrimonio?

E moi difícil contestar a esta pregunta porque a totalidade do Camiño é destacable e non podería nomear nada en particular porque sempre me deixaría algo atrás. O capítulo 1 trata de como o Camiño xera unha grande riqueza cultural, tanto no pasado como nos nosos días por alí por onde pasa. Aquí podemos disfrutar concellos coma o de Tui que posúe o segundo Conxunto Histórico máis importante de Galicia. E do patrimonio natural, estou nas mesmas. Galicia é fragas, ríos, monte, mar, Galicia é natureza e fermosa mires por onde a mires.

6. Ten previsto a presentación do seu Documental a nivel internacional para dar difusión a este Camiño?

A webserie documental de 4 capítulos está subtitulada ao español, inglés e portugués. A nosa idea sempre foi que para o proxecto non houbera fronteiras. Enviamos a webserie a comunidades galegas de diferentes partes do mundo (de Bos Aires, México, Bruxelas...) e tamén estamos facendo promoción en páxinas e blogs de peregrinos. A verdade é que estamos moi satisfeitos porque está a recibir visitas de todas partes do mundo. Doc Way é un



producto transmedia, ten cabida nas diferentes plataformas e, neste caso, internet é unha fiestra aberta a todo o mundo.

7. O Camiño Portugués de Santiago ven rexistrando un auxe no interese turístico nestes últimos anos. Este 2021 da pandemia tamén é Ano Santo Xacobeo. Que expectativas ten co respecto á afluencia de turistas polo Camiño Portugués de Santiago?

A ruta portuguesa é a segunda máis importante despois da francesa. Cada ano crece o número de peregrinos que elixen esta senda. Agora está de moda que os peregrinos fagan primeiro o Camiño francés e logo, o portugués. A rota portuguesa ten unha grande beleza. É máis chá e pouco montañosa polo que é sinxela para o peregrino. No ano 2018, 81.663 peregrinos fixeron esta rota e no ano 2019 foron 94.649, un total de 12.986 peregrinos máis en 2019 que en 2018. Polo tanto, imáxinémonos canto crecerá no ano 2021/22 que como ben dís son Anos Santos. Eu creo que o incremento será brutal. Estamos a vivir unha situación a nivel mundial excepcional. Creo que sairemos desta máis fortes e con gañas de saír, de conectar coa natureza e cun mesmo, de realizar

deporte ao aire libre, e que mellor que o Camiño para facer todo nun. Creo que van ser uns anos moi especiais e agardo de todo corazón que así sexa.

8. Para 2021 ten previsto continuar con este proxecto grabando o Camiño dende Porto, así como o da Vía da Prata por Ourense. Que pode comentarnos sobre estes proxectos?

Temos moitas gañas de realizar estes proxectos. A rodaxe dende Oporto tiñamos que empezala fai uns meses pero a situación complicouse ao comezo. Por outra banda, estamos coa preproducción de Doc Way Vía da Prata que tamén entra dentro do programa "O Teu Xacobeo". Doc Way Vía da Prata será un docu-reality. Viviremos coa peregrina a experiencia de facer o Camiño, vivindo as súas dificultades e logros e todo acompañado dun seguimento diario en RRSS facendo de Doc Way Vía da Prata un proxecto transmedia. A verdade que realizar calquera tipo de proxecto ao redor do Camiño é un privilexio para nós. Porque ademais de estar en contacto coa natureza, que sempre é un regalo, vivimos en primeira persoa a experiencia de facer o Camiño e compartímolos con moitísima xente. Qué máis se pode pedir.

SALCEDA DE CASELAS

O Programa Integrado de Emprego de Salceda remata cun 58% de inserción

Salceda de Caselas ven de dar por rematado o seu Programa Integrado de Emprego, obtendo uns resultados moi positivos a pesares da crise sanitaria. O Programa supuxo un investimento de 305.000 €, financiados integramente pola Consellería de Emprego e Benestar da Xunta de Galicia.

O Programa atendeu a 100 persoas desempregadas, acadando os obxectivos para un 58%, aínda que ata un 77% conseguiron un contrato laboral durante o desenvolvemento do PIE.

Cabe destacar o caso de sete persoas participantes que retomaron os seus estudos de formación regrada, ou o de outras sete que puideron sacar o permiso de conducir B1 dentro do programa.

Dende outubro de 2019 en que se iniciou o programa, as persoas desempregadas puideron acceder a diferentes accións formativas, destacando certificados de profesionalidade como os de tarefas



administrativas ou limpeza de edificios. Realizáronse un total de 5.858 horas de formación, das cales 4.722 foron de xeito telemático. Estas accións incluiron formación práctica en diferentes empresas da zona, que na ampla maioría dos casos desembocou nun contrato laboral nesas mesmas empresas.

Verónica Tourón, Concelleira de Formación e Emprego: “Estamos moi satisfeitas cos obxectivos de inserción acadados, que superaron amplamente o noso compromiso.

Temos que lamentar que a Xunta de Galicia non volvese apostar polos Concellos para seguir a xestionar os Programas Integrados de Emprego na nova convocatoria de 2021”.

Loli Castiñeira, Alcadesa de Salceda: “Nun ano complexo coma este, marcado pola covid19, fomos quen de xestionar a maior subvención de emprego dos últimos anos, facendo que 100 veciños e veciñas tiveran unha oportunidade de formación para o emprego, tan importante nestes tempos”.

PSdeG Salceda pide á Xunta reforzar a infraestrutura educativa local

A parlamentaria socialista Paloma Castro reclamou-lle ao goberno galego que teña en conta as peticións de investimentos en Salceda de Caselas de infraestruturas educativas e sociais para as crianzas no Concello con un dos índices de natalidade máis elevado de Galicia.

Castro visitou o Concello de Salceda de Caselas xunto co portavoz do Grupo Socialista, Gonzalo Caballero, onde se reuniron co Grupo Municipal Socialista, encabezado pola súa portavoz e tenente de alcade, Verónica Tourón.

A responsable socialista lamentou o “desleixo” do goberno galego coa situación do Concello, logo de que no último debate de Orzamentos rexeitaran tódalas emendas presentadas polo Grupo



Socialista que incluían un proxecto de construción do novo CEIP, a reforma do CEIP Altamira, o comedor escolar e melloras no CRA Raíña Aragonta, así como o

novo proxecto para construír unha escola infantil Galiña Azul, ou a ampliación do IES Pedras Rubias e a implantación do bacharelato.

Protección Civil conta cun novo remolque para emerxencias



Alcadesa, Loli Castiñeira, e representantes da Agrupación de Protección Civil de Salceda recibiron de mans do Vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, un novo remolque de emerxencias para incorporar aos equipamentos da agrupación de voluntarios e voluntarias.

O remolque está deseñado para acceder a núcleos de poboación con vías estreitas, así como para intervir en inundacións ou temporais, e para facelo en condicións seguras para o persoal que o manexe, e sen dúbida será de gran axuda nas intervencións da agrupación.

Salceda estrea o seu centro terapéutico



O Concello de Salceda de Caselas ven de estrear o seu centro terapéutico, ubicado na antiga escola de Vendanova, e que servirá para acoller as actividades de AFAGA no municipio.

AFAGA atende a persoas diagnosticadas de alzheimer ou outras demencias, nun programa xestionado a través dos servizos sociais. Neste momento existen prazas dispoñibles, polo que as persoas interesadas poden dirixirse a este departamento para tramitar a súa solicitude.

O Concello de Salceda realizou a primeira fase da recuperación do edificio dentro do Plan Concellos 2019, cun investimento de 61.058,77 €, e

a previsión é a de poder realizar a segunda fase no Plan Concellos deste ano, para poder facer uso tamén da segunda planta do edificio e poder deste xeito ampliar os servizos que ofrecerá AFAGA.

O Concello de Salceda leva anos ofrecendo actividades para as persoas enfermas de alzheimer e outras demencias. Calcúlase que uns 200 veciños e veciñas de Salceda padecen algunha enfermidade neurodegenerativa, polo que este tipo de programas resultan fundamentais na procura do seu máximo benestar, proporcionándolles as ferramentas e o apoio necesarios a través dunha atención individualizada.

BAIXO MIÑO

TUI

Tui celebrará o "Día de Rosalía" co "Caldo de Gloria"

A Concellería de Cultura do Concello de Tui promove a conmemoración o vindeiro 24 de febreiro do "Día de Rosalía" en que se conmemora o 184 aniversario do nacemento da escritora máis representativa e reivindicativa de Galicia, Rosalía de Castro, pola súa defensa do pobo e da lingua.

O Concello de Tui acordou en

2013 a celebración anual deste evento. A pesar das actuais limitacións pola COVID 19, o Concello súmase á iniciativa impulsada dende a Fundación Rosalía de Castro, denominada o "Caldo de gloria", unha iniciativa que xorde a partir do poema "Miña casiña, meu lar" (Follas novas, 1880).

Dende a concellería de Cultura convidouse aos tudenses a pre-

parar no ambiente familiar este "Caldo de Gloria" e subir logo ás redes sociais da Biblioteca Municipal de Tui (en Facebook, Instagram ou Twitter) as imaxes e comentarios sobre este "Caldo de Gloria". Así mesmo, o propio 24 de febreiro, a Radio Municipal de Tui emitirá diversos poemas de Rosalía de Castro lidos por persoas recoñecidas de Tui.

O Concello executou a demolición das antigas oficinas de Cam-Fram

O Concello de Tui foi o encargado de acometer a demolición da infraestrutura das antigas oficinas de Cam-Fram, que está en terreos privados da avenida da Concordia, aínda que cedidos ao Concello para a celebración do Mercadillo dos xoves.

A obra puido ser posible despois de negociar coa entidade mercantil

unha ampliación do prazo da superficie de cesión, comprometéndose o Concello ao derribo das dúas edificacións en ruína, que estaban así por máis de trinta anos. Asemade, o Concello está traballando noutro edificio sito tamén nas unidades de execución de Cam-Fram, este si de titularidade municipal, así como na humanización da avenida Concordia.

Recollida de media tonelada de alimentos na Campaña de Nadal

Media tonelada de alimentos foron os recolectados na Campaña solidaria de Nadal desenvolvida na praza de Abastos de Tui a favor de SOS Tomiño-Baixo Miño.

O Concello agradeceu a Rita Álvarez, de Las Flores de Rita, que propuxo a iniciativa, aos praceiros e pradeiras e á veciñanza pola súa colaboración solidaria nesta campaña.



Rematada a primeira fase das obras de humanización da rúa Colon



O Concello de Tui rematou as obras da primeira fase da humanización da rúa Colón que se executaron nos últimos meses, cun investimento de 314.000 euros, financiados con cargo ao Plan Concellos 2018 da Deputación de Pontevedra.

As obras contemplaron por unha parte a reposición da práctica totalidade das canalizacións

de saneamento, pluviais, e do cableado público de baixa tensión. Esta parte dos traballos realizados foi a máis custosa e traballosa, debido ao mal estado que presentaban as tubaxes existentes. Amais procedeuse ao asfaltado e ao pintado da sinalización horizontal en todo o tramo de obras e mellorouse a iluminación deste vial con tecnoloxía led.

Tui acolle a exposición "Jewish Journeys / Viaxes Xudías" da Biblioteca Nacional De Israel

Até o 26 de marzo pode visitarse na Sala de Exposicións Municipal a mostra "Jewish Journeys / Viaxes Xudías".

A mostra foi deseñada e doada pola Biblioteca Nacional de Israel á Red de Juderías de España

con motivo das Xornadas de Cultura Xudía 2020. A través de paneis informativos e fotografías cóbreanse as diferentes motivacións ás que se enfronta o ser humano ao facer unha viaxe.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03

Tui solicitou a Turismo de Galicia apoio ao proxecto do Cárcere Vello

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, recibiu o apoio da directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, para o proxecto de intervención no edificio municipal do "Cárcere Vello" coa finalidade de convertelo nun centro de acollida a visitantes e peregrinos e para valorizar os recursos patrimoniais e turísticos tudenses.

O cárcere vello, situado na rúa Sanz en pleno Camiño de Santiago, data de 1584 e acolleu as antigas Escolas Taller. O proxecto redactado pola empresa Trivium pretende poñer en valor



o magnífico patrimonio e legado histórico de Tui. Contará cunha sala dedicada en exclusiva ao Camiño Portugués a Santiago e

de elementos de mobilidade e paneis informativos adaptados para persoas con diversidade funcional e cognitiva.

Ampliada a capacidade do arquivo municipal

Cun investimento de 7.000 euros grazas a unha obra promovida pola Deputación de Pontevedra, o Concello de Tui vén de ampliar a capacidade de depósito do Arquivo Municipal de Tui coa instalación de novos módulos de armarios tipo compactus para a documentación administrativa do Concello tudense.

Coa instalación destes novos módulos, o Arquivo Municipal tudense incrementa en máis de 80 metros lineais de estantes a capacidade dos seus depósitos. Tamén foron adquiridos deshumidificadores e termohigróme-



tros. Está composto por máis de 6.300 unidades de instalación e unha base de datos do inven-

tario descritivo formado por máis de 36.000 rexistros.

O Arquivo Municipal de Tui recolle documentos dende 1597 ata a actualidade, con 145 libros, de entre os anos 1597 e 1834, en soporte papel e encadernados en pergameo. Destaca tamén un pergamiño, escrito en portugués, datado en 1688, que facía de tapa doutro documento que corresponde a unha "carta de quitação" dada polo rei de Portugal Pedro ós herdeiros de Ignacio Monteiro de Souza, almoxarife falecido que prestaba os seus servizos na "Caça do Passo da Madeira".

Rematadas as obras recreativas na parroquia de Areas (Tui)

O Concello de Tui rematou as obras de acondicionamento da pista deportiva, a recuperación e ampliación do parque infantil e a creación dun parque biosaudable na parroquia de Areas, que supuxeron un investimento de 53.495,08 euros financiados ao abeiro do Plan Concellos 2018 da Deputación de Pontevedra.

A concelleira de Parques e Xardíns, Yolanda Rodríguez, explicou

que o obxectivo do goberno é recuperar zonas recreativas e de lecer baixo a perspectiva de crear espazos inclusivos sen distinción de idade ou capacidade física.

Compre sinalar que o Concello, ao abeiro do Plan Concellos 2019, ten arestora en licitación o acondicionamento do parque infantil situado nas proximidades do CEIP de Guillarei e do situado nas instalacións do CRA nas Bornetas, que serán executados en breve.

O Concello de Tui vai contratar a 15 persoas co Plan Concello 2021

O Concello de Tui vai contratar a 15 persoas ao abeiro da liña 3 do Plan Concello 2021. A través desta subvención da Deputación contrátase a estes traballadores para postos destinados a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais.

O Concello de Tui contratará no próximo mes de marzo a un condutor oficial de segunda durante 9 meses e medio, a xornada completa, e a dous animadores turísticos cun contrato coa mesma duración e tamén a xornada completa. No mes de abril o Concello de Tui contratará a dous albais oficiais de segunda por 9 meses a xornada

completa, un oficial cerraxeiro de segunda por 9 meses, tamén a xornada completa, e un oficial carpinteiro de segunda a xornada completa por 9 meses. Amáis no mes de abril tamén se contratará a 8 peóns de horticultura cun contrato por 8 meses de duración en modalidade de xornada parcial (30 horas a semana).

Os/as candidatos/as deben ser persoas empadroadas en Tui, desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego, tanto no momento da sondaxe como no da contratación.

**GASOLEOS
TEA S.L.**

Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61

CONFITERIA

Regino

Rosquillas . melindres . variadito de pasteles
sublime de cacao . tarta de té
rocas de chocolate . tarta de framuesa
tartas personalizables con foto a partir de 2 kg

Reveriano Soutullo, 16 Ponteareas 986 640 834

BAIXO MIÑO

A GUARDA

O Plan de Compostaxe da Guarda permitirá a creación dun Punto Verde

O Concello da Guarda, dentro da posta en marcha do seu Plan de Compostaxe que inclúe reparto de composteiros que permitirán a posta en marcha da compostaxe doméstica, vai a proceder á creación dun “punto verde” ao carón do Punto Limpo da Sangriña.

O principal obxectivo do “punto verde” é o tratamento da fracción vexetal mediante compostaxe, evitando así que teña que ser recollida, transportada e tratada mediante incineración ou vertido. Esta fracción supón case un 10% do total dos residuos municipais xerados e é fundamental para un bo proceso de compostaxe.

Este “punto verde” consistirá



na realización dunha cuberta a carón do punto limpo, onde actualmente a veciñanza xa deposita o seu material vexetal, e terá como finalidade o acopio de material vexetal e a trituración dese material para obter “estruturante”, fundamental para o proceso de compostaxe.

Este proxecto estase a por en marcha grazas ás axudas en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa Feder Galicia 2014-2020 e grazas á colaboración do Plan Revitaliza da Deputación.

O grupo socialista reúnese cos palangreiros da Guarda e comprométese a trasladar a súa situación ao ministerio

A voceira de Pesca do Grupo Parlamentario Socialista, Patricia Otero, mantivo unha xuntanza de traballo cos palangreiros de superficie da Guarda en compañía do alcalde, Antonio Lomba, para escoitar de primeira man as necesidades do sector e para coñecer a problemática relacionada coa pesca e comercialización do maraxo. No encontro participou tamén a deputada socialista por Pontevedra Leticia Gallego.

A reunión serviu para que os palangreiros representados polas asociacións, ORPAGU e a Asociación de Palangreiros Guardeses, puidesen trasladar a situación na que se atopan ao Grupo Parlamentario Socialista, do que



obtiveron o seu apoio e o compromiso de levar as súas “inquietudanzas e necesidades” ao Ministerio.

Ademais, as deputadas socialistas aseguraron aos representantes do sector que seguirán en contacto con eles para co-

ñecer a súa opinión nos distintos momentos.

Finalmente, a voceira de Pesca do PSdeG no Parlamento galego valorou os esforzos desta flota, dedicada á captura do maraxo de cara ao cumprimento da normativa internacional.

A Guarda conta coa súa primeira caldeira de biomasa

O Centro Cultural da Guarda contará proximamente cunha nova caldeira de biomasa, que ven a substituír á xa existente de gasóleo, mellorando a súa eficiencia e empregando enerxías máis respectuosas co medio ambiente.

Este cambio forma parte das accións chave de mitigación que o Concello da Guarda estableceu no seu Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostible. Este Plan,

publicado o pasado novembro ten como obxectivo principal fixar diferentes accións encamiñadas á redución dun 40 % das emisións de gases de efecto invernadoiro (respecto á cantidade de emisións no ano de referencia).

A Deputación de Pontevedra subvenciona esta actuación con fondos FEDER dentro da Axenda 2030 de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) de Nacións Unidas.

A “Hostalaría Guardesa” continúa reivindicando indemnizacións que non chegan



A mañá do día doce de febreiro a hostalaría, distribución e comercio concentráronse fronte ao concello, na praza do Reloxo, para escenificar: “o AFORCAMENTO literal que a Xunta de Núñez Feijoo condenou as nosas familias e empresas” din dende a propia plataforma.

Dúas semanas despois do peche da hostalaría decretado por Feijoo e sen ter posto en marcha ningún tipo indemnización polo peche, a plataforma “Hostalaría Guardesa” volve saír á rúa co apoio do pobo da Guarda.

Durante o acto leuse un manifesto no que a plataforma indicaba, entre outras, que a Xunta de Galicia ten que asumir as consecuencias das súas decisións... transformaron un peche encuberto nun peche efectivo hai agora 15 días, polo que teñen que falar de

indemnizacións.

“Estamos casos de ver ao Presidente da Xunta falando de vacinas, axudas e plans de rescate. Queremos que deixe de falar e que cumpla coas obrigas”, concluían un grupo de afectados.

“Segundo Feijoo é quen de vacinar a todo o país en dúas semanas, reprochando a falta dos fármacos, por que non é tan vivo coas nosas Indemnizacións?” Comentaba outro dos manifestantes mentres se penduraba un figurante condeado a morte, que representa ao sector hostaleiro, no farol da praza.

Entre berros de A Guarda non ten vida, sen hostalaría! Non imos consentir que nos aforquen! ou Indemnizacións Xa!!, unha praza chea de xente, trata de manter o pulso ao que pode ser un final dramático se a Xunta non responde con celeridade.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

O ROSAL

O Rosal pon en marcha dous novos centros de compostaxe comunitaria

O Concello do Rosal puxo en marcha dous novos centros de compostaxe comunitaria (CCC) que sumados ao composteiro comunitario que xa estaba en funcionamento permitirá atender a unhas 600 persoas e xestionar unhas 60 toneladas de materia orgánica ao ano.

Estes dous novos centros están situados na contorna do núcleo urbano e permitirán ampliar a cobertura ás edificacións verticais dos barrios do Calvario, Couso e unha pequena parte do Casal e A Lomba, así como a varios produtores singulares e



edificios municipais situados na súa contorna.

Esta iniciativa contan cunha subvención de 48.000 euros dentro da liña de axudas posta en

marcha pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, cofinanciadas por fondos FEDER con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

O Consello Municipal de Igualdade do Rosal bota a andar

O Consello Municipal de Igualdade do Rosal botou a andar coa celebración da primeira reunión dun espazo que busca traballar a corto, medio e longo prazo a prol dunha nova conciencia social baseada no respecto por todas as persoas, independentemente do seu xénero.

O Consello está formado unha vintena de persoas de diferentes idades e perfís, como estudantes universitarios e de bacharelato; persoal técnico en igualdade, saúde mental e diversidade; educadora familiar e educadora social; profesorado de educación secundaria e universitaria; mem-



bros das Asociacións de Nais e Pais (ANPA); profesionais en socioloxía, en psicoloxía especializada en psicoeducación, en sexoloxía ou en psicoloxía clínica especializada no ámbito da violencia de xénero. Tamén forman

parte do Consello a propia rexedora do Rosal; a concelleira de Igualdade, Sara Vicente; o concelleiro de Educación, Carlos Villanueva; e o concelleiro de Participación Veciñal, Ramón Fernández Leal.

O Concello realizará un estudo de avaliación das augas residuais na zona costeira do Rosal

O Concello vén de manter unha segunda reunión con Augas de Galicia para abordar a situación da xestión das augas residuais na zona costeira do Rosal, nos barrios de San Xian e Portecelo.

O Concello realizará un estudo para avaliar a situación

actual na que se atopa a xestión de augas residuais nesta zona, un traballo de campo que realizará un equipo técnico especializado que percorrerá a zona para ter unha visión clara da realidade. Trátanse de case 200 vivendas e edificacións que hai nestes dous barrios, das

que só arredor de 80 están habitadas todo o ano.

O obxectivo é determinar as necesidades conxuntas e as posibles solucións a medio prazo para un tratamento das augas residuais que permita dispoñer dunha xestión ambientalmente máis sostible que a actual.

O Rosal rexeita o proxecto eólico da Xunta na Serra da Groba

O Concello do Rosal aprobou por unanimidade no pleno municipal telemático unha moción presentada polo BNG de rexeitamento do proxecto o parque eólico promovido pola Xunta de Galicia na Serra da Groba.

A moción recalca a importancia de que o parque eólico sexa compatible co medio e co uso funcional do monte, e non a través dun "modelo opaco" de adxudicacións

e tramitacións seguido pola Xunta. A moción tamén destaca que a lei deixa aos propietarios dos terreos nunha situación de indefensión.

O pleno tamén aprobou por unanimidade a proposta inicial da ordenanza reguladora da limpeza de fincas e deu o visto e prace para os orzamentos municipais 2021, que superan os 3,3 millóns de euros e contemplan un importante incremento no gasto corrente e social.

O Concello interésase pola situación do despregue de fibra no Rosal



Alcaldesa do Rosal, Ánxela Fernández Callís, e o técnico municipal de urbanismo mantiveron este mércores unha reunión telemática coas dúas persoas responsables do despregue de fibra no municipio por parte de Telefónica, a empresa á que un órgano supramunicipal adxudicou o servizo de implantación desta tecnoloxía ata 2024. "Aínda que o Concello non ten competencias nesta área si que nos incumbe todo o que está a pasar, xa que afecta de forma directa á nosa veciñanza. Por iso decidimos solicitar unha reunión coa compañía para informarnos de cal é a situación no Rosal", asegurou a rexedora, que recalcou que "para nós é importante poder dispoñer dunhas boas conexións e queremos que ese despregue se faga ben, de xeito coherente".

Durante a reunión, a alcaldesa deu traslado á compañía da cre-

cente problemática que se está a detectar e que manifestan os veciños e veciñas co obxectivo de buscar solucións para que O Rosal dispoña deste servizo de conexión de banda ancha e mellorar a comunicación directa para a resolución das incidencias que se están a producir. Neste sentido, calquera veciño ou veciña que teña algunha incidencia relacionada coa fibra de Telefónica ou o seu despregue debe chamar ao 1002 para dar parte.

Pese a non ter competencias, dende o Concello reiterouse a boa disposición a colaborar en todo o que estea na súa man para garantir unha mellora nas posibilidades de acceso a esta tecnoloxía por parte da veciñanza, facilitando e axilizando os trámites administrativos que debe realizar Telefónica para levar a cabo as obras necesarias na vía pública para a implantación da fibra.

BAIXO MIÑO

TOMIÑO

Tomiño construíra en Goián un dos maiores skatepark de Pontevedra

No marco do Plan Concellos 2020 financiado pola Deputación de Pontevedra, cun custe total de 229.364,12 euros, o Concello de Tomiño levará a cabo a construción dunha nova área deportiva na contorna da Alameda de Goián, que estará composta por un skatepark e unha pista poli-deportiva.

A iniciativa está encadrada no marco do proxecto Máis Goián de reforma urbana e conectividade a través da mobilidade peonil. O espazo complementará outros equipamentos deportivos situados na área, como o campo de fútbol do Regatiño ou o pavillón de Goián.



O concelleiro de Planificación Estratéxica e Acción Urbana, Uxío Benítez, destacou que na planificación do proxecto foi fundamental a consulta cidadá. Para a elaboración e deseño do

proxecto contou co asesoramento de expertos como un dos técnicos organizadores do recoñecido evento de cultura urbana e deportes extremos "O Marisquiño".

Os socialistas denuncian a grave situación da policía local de Tomiño

As socialistas de Tomiño denuncian que a Policía Local do Concello está a vivir unha situación crítica, pois están intentando manter o servizo, con tan só dous efectivos, o cal é practicamente imposible e está a causar problemas na veciñanza.

No pasado pleno do día 12 de xaneiro á pregunta sobre este tema ao Goberno nacionalista (cando o servizo contaba aínda con 4 efectivos) o Concelleiro Delegado deu conta da inminente comisión de servizo ou contratación de auxiliares. A Comisión de servizo queda descartada pois as Alcaldías da contorna non se permiten prescindir de persoal. Cubrir a praza vacante, por moito que se queiran apurar os prazos agora, levaríanos ata o 2022, e esperamos que a contratación de un auxiliar chegue en febreiro.

Violeta de Santiago, voceira socialista, critica que o Goberno do BNG aprobe unha modificación da RPT, para incorporar sendos postos de técnicos de xestión e de M. Ambiente, cando o servizo de Policía Local



está nesta precaria situación, que sen dúbida é froito dunha mala xestión.

Nun Concello de grande extensión e dispersión como Tomiño, as socialistas consideran que non se pode consentir unha situación como a actual, e lembran que estamos a padecer unha crise pandémica sen precedentes e non contamos cun servizo que vele pola nosa se-

guridade nin polo cumprimento das restricións actuais.

Pero o realmente inaceptable, é a falta de transparencia deste Goberno que non comunica aos veciños e veciñas o que está a acontecer, e que consinte sen ningún pudor, que a maioría da poboación verta sobre a Policía local o seu malestar, enfados e protestas, a sabendas de que é unha inxustiza.

O psicólogo Alberto Soler pecha a VI Semana da Educación en Tomiño

Oxoves 11 de febreiro pecharon as actividades programadas na VI Semana da Educación, vía Streaming, coa conferencia do psicólogo e especialista europeo en Psicoterapia Alberto Soler, de título "Normas, límites, premios e castigos", como conceptos importantes na educación infantil.

Alberto Soler é licenciado en psicoloxía con Máster en Psicoloxía Clínica e da Saúde, é Espe-

cialista Europeo en Psicoterapia (EuroPsy) e está homologado como Psicólogo Xeral Sanitario. Conta con máis de 12 anos de experiencia en psicoterapia e colaborou en varios espazos de radio, televisión e prensa. Soler é a cara visible do videoblog de divulgación Píldoras de Psicología, que conta con máis de 240.000 persoas seguidoras e miles de reproducións diarias tan só en YouTube.

Centros educativos de Tomiño manteñen viva a tradición do entroido



A difícil situación actual derivada da pandemia do COVID-19 impediu que este ano se puidesen celebrar o tradicional Venres de Foliada de Tomiño e o recoñecido Entroido de Goián, mais o espírito do entroido puido manterse este ano nos centros educativos do municipio adaptándose ás circunstancias e de xeito que se puidese cumprir cos protocolos sanitarios.

No IES Alonso Ríos aproveitaron a ocasión para facer unha homenaxe ás consideradas actividades e profesións esenciais, polo que cada grupo e aula disfrazouse dunha profesión diferente: enfermeiros/as, profesores/as, corpos de seguridade.

Pola súa banda, o CEIP Pintor Antonio Fernández de Goián mantiveron o tradicional "entruidón", centrado en actividades de inclusión. No CEP Plurilingüe Pedro

Caselles Beltrán decidiron tamén manter un pequeno desfile no recreo mantendo os grupos estables de convivencia, e a mañá completouse cun obradoiro de máscaras de entroido, o visionado de filmes relacionados co entroido e unha chocolatada con churros.

No CEIP de Barrantes foi o coidado do medio ambiente, a reciclaxe e a alimentación saudable. No CEIP de Sobrada optouse por cancelar o desfile, o cal non impediu unha celebración adaptada ás circunstancias na que os nenos e nenas puidesen ir disfrazados á escola con temática libre.

En canto ao CRA Mestre Manuel Garcés, a pandemia impediu que o alumnado das 13 escolas unitarias puidesen reunirse como era habitual, pero mantivéronse as actividades relacionadas co entroido en cada un dos centros.

Oia soluciona o 95% das súas incidencias grazas á App Línea Verde

O Concello de Oia ten solucionado o 95% das incidencias recibidas a través da aplicación Línea Verde, un servizo que permite á veciñanza comunicar desde o teléfono móbil calquera tipo de incidencia no ámbito municipal.

As notificacións máis frecuentes son as relacionadas co estado da iluminación pública, seguidas das que teñen que ver coas beirarrúas. Desde a posta en marcha da aplicación en Oia, a finais de 2018, foron recibidas un total de 1.335 incidencias, das cales



o 95% están xa resoltas.

Para poder empregar o servizo de incidencias de Línea Verde no teléfono móbil ou tablet

cómpre descargar a app (a través Google Play/APP Store) e, unha vez instalada no dispositivo, seleccionar o municipio de Oia.

Oia aproba un orzamento de 1,7 millóns de euros

O pleno municipal de Oia aprobou inicialmente o orzamento 2021, que ascende a un total de 1,7 millóns de euros, cun 11,9% (202.330 euros) de gasto social consignado nas contas municipais.

Destaca o mantemento da débeda cero, o esforzo en materia social, a conxelación de taxas e impostos municipais e a consignación de 10.000 euros para axudas á hostalería e outros 10.000

euros para a compra de máscaras e outros materiais de prevención. Tamén están as axudas a asociacións con fins sociais, como a posta en valor dos curros e para a actividade da Asociación Costa dos Castros.

Por outra banda, tamén recibiu o visto e praxe á proposta da Comisión de Heráldica para o novo escudo e a bandeira de Oia, que empezou a tramitarse no 2019.

SOMOS Ribadumia denuncia "estado lamentable" do local de servizos sociais do Concello

Enrique Oubiña, voceiro de SOMOS Ribadumia, denunciou as numerosas deficiencias é o "lamentable estado" no que se encontra o local de servizos sociais do Concello de Ribadumia, sito na antiga casa consistorial.

Considerou que veñen denunciando esta situación desde febreiro de 2020, vía escrito municipal, reflectindo os problemas de capacidade eléctrica, humidades, deficiencias construtivas na parte nova da edifi-

cación e entradas de auga.

A Comisión Executiva de SOMOS Ribadumia denunciou igualmente, que, meses despois, o alcalde David Castro declarou en pleno que se habían resolto todas as deficiencias construtivas e que os problemas eléctricos estaban en vía de solucionarse. Por tanto, lamentan a desidia



do goberno local, en particular tanto do alcalde Castro como das concelleiras de política social é a de urbanismo.

Alcaldesa de Oia lamenta a polémica suscitada polo escudo municipal

Alcaldesa de Oia, Cristina Correa, lamentou a polémica creada a raíz da proposta de escudo oficial do municipio que foi aprobada no pleno do pasado 28 de xaneiro. Segundo destacou, a iniciativa ten como obxectivo dotar ao Concello dun emblema oficial do que actualmente carece, tendo en conta que o que se viña utilizando de xeito tradicional é realmente o do Mosteiro de Oia.

A alcaldesa lembrou que o proceso arredor do escudo comezou xa en 2018, cando o Concello

fixo una consulta á Comisión Heráldica -órgano consultivo da Xunta ao que lle compete a aprobación de brasóns e bandeiras- sobre a posibilidade de dotarse dunha bandeira oficial.

Así, a rexedora insiste en que a proposta aprobada no pleno da pasada semana "non é substituír un escudo oficial de toda a vida por un novo" senón que, ante a situación de carencia de emblema oficial, "o que se busca é dotar a Oia dun escudo que conte co recoñecemento de Heráldica".



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

PONTEVEDRA

Premios "GirlGeekCovid" no Día da Muller e da Nena na Ciencia

No marco do Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia o pasado 11 de febreiro, a presidenta da Deputación, Carmela Silva, e o reitor da Universidade de Vigo, Manuel Reigosa, realizaron a entrega telemática desde Vigo dos primeiros premios "GirlGeekCovid", para incentivar, apoiar e fomentar os estudos STEAM entre as mulleres e que forman parte do traballo da Cátedra Feminismos 4.0.

Dúas estudantes de Ciencias, Ana Ramírez, de Bioloxía, e Laura Sánchez, de Química, e dúas de enxeñaría, Iria Ollero, de Enxe-



ñería Biomédica, e María Elena Márquez, alumna de Telecomunicacións, foron as catro alumnas galardoadas, cunha dotación nos premios entre 2.000 e 1.000€.

A Deputación e UVigo impulsan igualmente proxectos de visibili-

zación do traballo das mulleres da ciencia nas redes, a través dos programas Inspira STEAM, "Achegas das mulleres ao mar", "O mar das mulleres" e "A maleta dos océanos", para visibilizar o papel da muller no mar.

Plan Concellos da Deputación concede 1,5 millóns € para a creación de 147 empregos

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou un novo investimento de 1,5 millóns de euros ao abeiro da Liña 3 do Plan Concellos que permitirá a nove municipios da provincia contratar a un total de 147 traballadores.

Estas axudas benefician a Vi-

lagarcía de Arousa (38 persoas contratadas), Tomiño (23), A Illa de Arousa (10), Soutomaior (18), Caldas de Reis (11), Meis (9), Mondariz (12), Rodeiro (15) e Ponte Caldelas (11).

Doutra banda, tamén no marco do Plan Concellos, pero na liña de investimentos, a Xunta

de Goberno da Deputación aprobou dúas achegas para Marín, por un orzamento total de 143.000 euros, que permitirán o financiamento da mellora e renovación do alumado público no lugar de Castro e a construción dun columbario e oito panteóns no cemiterio da Raña.

Deputación destina 1% do seu orzamento para axudas directas aos Concellos

A Deputación de Pontevedra ratificou no pleno extraordinario a decisión de destinar o 1% do seu orzamento, 1,64 millóns de euros, a financiar axudas directas e finalistas que serán xestionadas polos concellos.

A decisión foi subscrita polos votos dos grupos do PSDG-PSOE e do BNG e do PP. Así, a Deputación pon a disposición dos concellos ata 7,6 millóns de euros para que poidan axudar aos sectores obrigados a pechar polas restricións da Xunta, xa que á cantidade aprobada se suman os 6 millóns de euros do



20% da Liña 1 do Plan que poden destinar a tal fin.

Na sesión aprobouse o suplemento de crédito necesario para achegar 1.640.000 euros aos concellos, que poderán solicitar

en canto se publiquen. Para axilizar aínda máis o proceso a Deputación adiantará as contías que oscilarán entre os case 7.000 e os 110.000 euros, segundo o criterio obxectivo de poboación.

Deputación de Pontevedra entrega os premios "Sofía Novoa" de calidade de investigación feminina

Por quinto ano consecutivo, a Deputación de Pontevedra entregou os premios "Sofía Novoa", que recoñecen o labor de investigación con perspectiva de xénero por parte da UVigo, e na que se distinguiron os traballos fin de grao (TFG) e fin de máster (TFM).

O evento foi presidido pola presidenta da Deputación, Carmela Silva, a profesora e membro do xurado Silvia Pérez Freire e estivo amenizado en directo pola pianista Estefanía Cereijo.

Vía telemática, cumprindo cos protocolos da COVID-19, as catro gañadoras, Judit Cerviño Malvido, María Tenorio Solla e Patricia Torres Ferradás (todas elas de Bueu), na modalidade de TFG, e Andrea López Pastoriza (Moaña), na de TFM, interviron desde os seus respectivos domicilios.

A educación con perspectiva de xénero nos niveis de infantil, primaria e secundaria, e a análise xornalística do movemento feminista #MeToo foron os protagonistas desta edición, ao que concorreron 20 traballos.

A Deputación recupera o muíño de auga do Castelo de Soutomaior



A Deputación de Pontevedra vén de aprobar a posta en marcha dun novo contrato para a reparación do muíño de auga do Castelo de Soutomaior, datado na década dos oitenta do século pasado, para acondicionalo e conseguir volver a poñelo en funcionamento.

O muíño, situado ao pé da pista de terra que dá servizo á

capela e que conduce ata a "cadeira da Marquesa", estaba destinado ao aproveitamento hidráulico da auga. Coa reparación que vai acometer estes meses a Deputación de Pontevedra prevese solucionar os problemas orixinados polo paso do tempo para recuperar un elemento máis, propio da arquitectura popular galega, no castelo de Soutomaior.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

Por Moncho Mariño

Entrevista a Carlos Méixome, historiador

“Posiblemente este libro permita abrir a porta a novos traballos máis amplos e globais sobre os tres concellos”

Carlos Méixome acaba de publicar en Laiovento o seu libro *Catas na memoria. A persecución franquista no Val de Miñor*. Unha achega aos actos represivos nos primeiros estadios do golpe de estado de 1936. O libro narra as diferentes accións acometidas contra

sectores sociais e políticos que os golpistas consideraban como inimigos ou perigosos para o “réxime”. Unha das conclusións que Carlos Méixome ten clara é que “os camisas azuis” foron en grande parte, executores das ordes que viñan do exército.



-O título do teu libro *Catas na memoria. A persecución franquista no Val de Miñor*, é como se se fixese referencia a un achegamento, unha primeira prospección do terreo que é a memoria histórica. Pódese entender así?

Si, aínda que non son as primeiras achegas. Cando se di primeiras é como se fose algo moi simple, mais non ten ese sentido de simplicidade senón o de traballo non rematado. Non é unha investigación total ou global porque quedan cousas fóra, serían uns estudos parciais. Tamén é certo que noutros traballos publiquei outras castes de catas. Neste caso son parciais porque non é unha historia total dos tres concellos. Un traballo así debería ter máis recursos e máis tempo para materializarse. Posiblemente este libro permita abrir a porta a novos traballos máis amplos e globais sobre os tres concellos. Isto non significa que non haxa interpretación dos acontecementos, hai unha cata e unha interpretación dos achados realizados.

-Durante a túa investigación

encontraches unha incidencia especial sobre determinados grupos ou persoas por parte do bando franquista?

Si, hai unha parte da sociedade que é perseguida máis vivamente, algo moi semellante ao sucedido en Galicia nese momento. Aínda así, hai pequenas diferenzas segundo os lugares. Eu traballo moito con Tui e alí hai uns matices moi claros. Quen son os sectores máis perseguidos? Pois os republicanos e os demócratas en xeral. Mais indo ao concreto foron os mestres, que ademais no caso do Val de Miñor están moi vinculados ao agrarismo miñorán, que no caso de Nigrán e Gondomar son da Federación Provincial Agraria. Esta federación funcionaba case como un partido, finalmente acabou dentro da Fronte Popular e coloca un deputado nas Cortes que é Antón Alonso Ríos. En tal caso, o colectivo de mestres foi dos máis perseguidos e case a metade deles, dunha ou doutra maneira, foron sancionados. No caso dos mestres houbo un “paseado”, Vázquez Grela. Este foi un caso un tanto extraño. Intenta salvarse, organiza misas a Calvo

Sotelo, doazóns ao Exército de ouro, cartos, reposición de cruces en escolas pretendendo pasarse ao outro lado. Cando comeza o curso viñerano buscar un oficial e un grupo de falanxistas, sacárono da escola e disparáronlle a dous centos metros da escola. Os outros foron sancionados, expulsados ou lles abriron consellos de guerra.

-O Val de Miñor tivo importancia por ser zona estratéxica, de fronteira?

Non notei moito iso mais si que houbo outros dous sectores onde se imprimiu maior represión, os sindicatos obreiros e mariñeiros. No caso de Baiona, o caso do Sindicato de Industrias Pesqueiras, adscrito á CNT, onde había un equipo dirixente moi forte e ademais, no momento do golpe de estado, estaban en folga na vila de Baiona, con nomes moi importantes dentro do anarquismo, mesmo da F.A.I. Despois estaba o Sindicato Obreiro de Sabarís, maioritariamente cenetista e logo había un sindicato obreiro da UGT, creo que era o único caso onde había un alcalde en Baiona anarquista en 1936. Logo

o sindicato da Construción de Construción e Oficios Varios adscrito á UGT en Gondomar. Aí quen leva o castigo máis duro é un rapaz que se chama Joaquín Míguez Ledo que foi fusilado, logo o resto do equipo sindical foron sometidos a consellos de guerra e encarcerados.

-Quen dirixía realmente as execucións ou “paseos”, militares ou falanxistas?


Eu vouno vendo máis claro cada vez que investigo ou falo con colegas investigadores por toda Galicia. Quen dirixía era o exército. Sempre se di que foi a Falanxe, é certo que era a Falanxe, e en concreto aquí houbo unha sección moi perversa dese partido, a Falanxe da Zamallosa, especialmente o durante o primeiro ano. Sempre actúan ás ordes do exército nun primeiro momento, logo é

substituído pola Garda Civil que é unha estamento militar que é quen dá as ordes e os falanxistas son quen as cumpren. Isto está moi claro, por moita elaboración dunha desculpa por parte dos militares, “eran os camisas azuis”, os militares non participaban mais eran os que mandaban.

-Polo visto o anarquismo tiña unha grande presenza nesta zona.

Si, en Baiona, no sector mariñeiro. É un fenómeno xeralizado en toda a costa. A partir de 1932 hai unha filiación case en masa, pasan da UGT á CNT. Mais é certo que en Baiona e en Panxón hai unha forza cenetista moi poderosa. O alcalde de Baiona que era anarquista da corrente de Ángel Pestaña, mentres que seu irmán era da F.A.I. do sindicato da construción de Sabarís.

FUCO PRADO



O concello da Guarda propón á rede Ágora o proxecto de humanización da Praza Nova

O concello da Guarda forma parte da rede Ágora da Deputación que ten como finalidade gañar espazos peonís, conseguindo converter estes espazos en focos de atracción das persoas e configurar vilas e cidades amables.

Ante o anuncio da liña de axudas da Deputación para recuperar espazo público para ás persoas naqueles concellos que forman parte da rede Ágora. O concello da Guarda acollerase ao primeiro eixo da subvención, destinado ao financiamento de proxectos, cunha participación da Deputación do 90%.

Dentro la liña marcada polo PMUS (Plan de Mobilidade Urbana Sostible) que ven servindo de



guía nas últimas actuacións de mellora da mobilidade urbana na Guarda, e tendo en conta tamén o plan de Accesibilidade do concello da Guarda. O alcalde solicitará a través da subvención, financiamento para a redacción do proxecto de humanización da rúa Joaquín Alonso (Praza Nova).

Este proxecto posibilitará a urbanización da Praza Nova en

plataforma única, permitirá a renovación de todos os servizos e recuperará para a cidadanía todo o espazo da rúa, eliminando o estacionamento e permitindo o tráfico para residentes, tal e como recomenda o PMUS.

Esta actuación ven a dar continuación a humanización do entorno da Igrexa parroquial que se executará en breve.

PSdeG leva ao Parlamento galego o acceso sur do porto

O alcalde da Guarda, Antonio Lomba, recibiu na zona portuaria á deputada Leticia Gallego, para anunciar a presentación da iniciativa parlamentaria sobre un novo acceso sur ao porto da Guarda, considerada como vital para o futuro da vila guardense.

Esta aspiración xa fora contemplada no PXOM de 1993, e no PMUS (Plan de Mobilidade Urbana Sostible) de 2017. En 2018, a Deputación de Pontevedra redactou o proxecto de construción dun novo acceso ao porto da Guarda e da comezo a súa tramitación. En 2019 xurdíu

na Guarda un movemento civil apoiado polas asociacións empresariais, culturais, deportivas e sociais, e polo propio concello, para potenciar o uso do porto, tanto para actividades profesionais como náutico deportivas, para que actúe como motor económico na localidade.

O PSdeG esixe “o cese fulminante” da delegada da Xunta en Pontevedra: “Feijóo non pode seguir convivindo coa corrupción”

O vicesecretario xeral do PSdeG, Pablo Arangüena, urxiu “o cese fulminante” da delegada da Xunta en Pontevedra, que vén de ser condenada xunto con Louzán por fraude e prevaricación.

Nada máis coñecerse a condena a dous anos de cárcere e a oito de inhabilitación para os dous

cargos populares, Pablo Arangüena subliñou como “o cheiro da corrupción” chega a distintos niveis do PP.

“Feijóo non pode seguir convivindo coa corrupción e coas irregularidades”, advertiu o socialista, consciente do “nido de caciquismo” en que o PP converteu a Deputación de Pontevedra.

PSdeG urxe á Xunta a retomar a reurbanización de Monteporreiro

A viceportavoz do Grupo Socialista, Paloma Castro, vén de urxir á Xunta que reactive o proxecto de reurbanización de Monteporreiro, que leva paralizado dende o ano 2013. Fíxoo a través dunha proposición non de lei presentada na Comisión de Obras Públicas do Parlamento, rexeitada polo PP.

A responsable socialista denunciou o desleixo da Xunta cun “dos barrios máis poboados de Pontevedra” e esixiu que se retome o proxecto de reforma de Monte-

porreiro, xa que “malia que a Xunta prometeu 10 millóns de euros nun suposto macroproxecto, só executaron 1,6 millóns”. Castro lembrou que o goberno galego “tan só levou a cabo a primeira fase deste proxecto”, lamentando que “oito anos despois, a Xunta non fixo ningunha actuación máis” e “abandonou este barrio”.

A responsable socialista criticou a política de “balóns fóra do PP”, que “culpa agora ao Concello de Pontevedra da falla de investimentos da Xunta na cidade”.

Óptica mahen
mahen audioprótesis

Ópticos desde 1939

Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4